



Aberto o proceso de admisión do alumnado para o curso

2019 / 2020

SOLICITUDE DE ADMISIÓN

Deberán presentar solicitude:

- Alumnado que desexe cambiar a outro centro educativo.
- Alumnado que solicite posto escolar por primeira vez.

A solicitude de admisión entregárase na Secretaría do centro.

Prazo de entrega: do **1 ao 20 de marzo**.

IMPORTANTE:

As solicitudes pódense cubrir directamente na seguinte páxina web <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/> imprimilas e entregalas no centro escolar ou se dispoñen de certificado dixital ou chave 365 presentalo en Sede Electrónica.

Na secretaría do centro tamén dispón de solicitudes para cubrir manualmente.

Cada alumno/a só poderá presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar, de non fácelo así perderá o dereito de prioridade que puidera corresponderlle.

O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo ao centro de orixe.

O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicar renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.



MATRÍCULA

O alumnado admitido deberá formalizar matrícula no centro educativo correspondente, entregando a solicitude de matrícula debidamente cumprimentada xunto coa documentación requirida.

Prazo para Infantil e Primaria: do **20 ao 30 de xuño**.

Prazo para ESO: **25 de xuño ao 10 de xullo**.

Prazo extraordinario para ESO con pendentes: do **1 ao 10 de setembro**.

DOCUMENTACIÓN PARA ADMISIÓN E FORMALIZAR MATRÍCULA

A parte das solicitudes correspondentes, deberá presentar a seguinte documentación:

- *Certificado do Padrón Municipal expedido polo Concello*
- *Dúas fotografías tamaño carné con nome escrito na parte traseira.*
- *Libro de Familia (Fotocopia da folla na que está asentado o alumno/a).*
- *Fotocopia dos DNI's dos pais.(e do alumn@ si o ten)*
- *Cartilla de Vacinas*
- *Tarxeta Sanitaria*
- o *Informe médico no caso de que padeza algún tipo de enfermidade (alergia, diabetes, asma, etc.).*
- o *En caso de separación ou divorcio, Resolución Xudicial correspondente.*
- o *Autorizacións uso (ou non) da imaxe persoal do alumno/a (MODELO DISPOÑIBLE NO CENTRO).*